



TRANSPORTE ESCOLAR

O funcionamento do transporte escolar réxese pola normativa establecida pola Consellería de Educación.

A empresa encargada de realizar o transporte escolar neste Centro é **Agustín Sarasquete e Hijos S.L.**

Todos os pais/nais deberán estar informados das rutas e da parada onde baixa e sobe o seu neno/a. **Se queren cambiar de autobús teñen que notificalo ao Centro por escrito.**

O transporte escolar débese utilizar sempre e non cando ás familias lles interese. **No caso de que un alumno/a non utilice este servizo diariamente poderá perder o dereito a utilizalo.**

Os alumnos/as transportados deberán ser recollidos nas paradas polas persoas responsables (seus pais, nais, titores legais, acoñecedores familiares e, no caso de separación e divorcio, as persoas que teñan ao seu favor a garda ou custodia dos menores) ou con réxime de visitas en días lectivos, os cales comunicarán aos centros educativos os seus teléfonos de contacto, que serán achegados aos acompañantes escolares.

No caso de que os responsables mencionados autorizasen a outros adultos ou a irmáns ou irmás dos escolares dos niveis educativos mencionados para substituírles na recollida dos escolares, terán que entregar na Secretaría do colexio as autorizacións expresas para o efecto, nas que constarán os nomes, apelidos e, no seu caso, DNIs dos autorizados. O Centro fará chegar ditas autorización aos acompañantes escolares.

A fin de non entorpecer e alongar os itinerarios, os autobuses esperarán nas paradas o tempo necesario para asegurar a recollida dos escolares, que, en todo caso, **non excederá de 5 minutos**, tras do cal continuarán co seu itinerario habitual, levando consigo aos escolares non recollidos.

Nos supostos de escolares non recollidos nas paradas correspondentes polos seus responsables ou polos adultos ou menores autorizados, os acompañantes escolares ou encargados das empresas chamarán aos teléfonos facilitados polas familias dos nenos/as para que acudan ás seguintes paradas da ruta ou ben recollan aos alumnos/as nas dependencias das empresas, nas que permanecerán ao coidado dos acompañantes ou encargados das empresas ata a hora do seu peche diario. Se chegada a hora de peche das instalacións da empresa transportista, as persoas sinaladas anteriormente como responsables non se presentaran a recollelos, os encargados das empresas os levarán ás dependencias da Policía Municipal ou cuartel da Garda Civil que corresponda, onde se seguirán as actuacións que procedan, incluída a posibilidade de informar ao

Servizo Provincial de Menores correspondente por se puidera darse un delito de abandono de menores.

Os escolares que cursen 5º e 6º de Educación Primaria poderán baixar sos nas paradas de transporte escolar establecidas, sempre que os seus responsables presenten na Secretaría do Centro unha autorización expresa ao respecto, que eximirá á Consellería de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poidan sufrir os escolares. Ditas autorizacións faranse chegar á empresa de transporte para o seu coñecemento.